

Despois de solicitarlle en varias ocasións, tanto a remisión da RPT como a axilidade coas convocatorias, a Xerencia notificounos o seu desexo de reunirse co Comité.

A reunión realizouse o día 16/02/2011 e nela tratamos os temas seguintes:

RPT:

Estase a traballar cunha masa salarial que está aprobada de xeito provisional.

A Universidade remitiu á Xunta, para a súa aprobación, o Plan de Sustentabilidade, do que aínda non recibiu resposta, polo tanto non sabe que RPT pode remitir ao Comité. O que si ten claro, como xa dixó en ocasións anteriores, é que esta será máis reducida que a proposta levada ás asembleas.

Asegura, tamén, que esta proposta incluírá, a execución da Transitoria II, non quere explicitar claramente como se contemplará.

ACCIÓN SOCIAL:

A Xerencia notifica ao Comité a decisión da Universidade de trasladar as partidas destinadas ao exercicio da acción social ao Capítulo I. Xustifica esta acción no aforro (uns 600.000€) derivado de retirar a matrícula gratuíta ao colectivo de persoal da Consellaría de Educación e, por coherencia e en concordancia co resto das Universidades Públicas Galegas realiza o cambio de partida orzamentaria de todo o resto da acción social. A matrícula gratuíta, o intercambio, a gardería..., pasarán a ser consideradas como "pago en especie", de todos os xeitos a Universidade farase cargo do ingreso a conta.

CONVOCATORIAS:

É consciente de que se vai moi lento neste capítulo. Sabe que hai convocatorias elaboradas pero sen enviar e outras que están a piques de se rematar para seren remitidas ao DOG e BOE. Adquire o compromiso de acelerar os procesos e de que, a finais da semana vindeira, remitirá ao Comité unha listaxe na que explicitará en que fase se atopan as convocatorias.

FORMACIÓN:

A Xerencia chega á conclusión de que os cursos de formación específica son un fracaso, tanto na asistencia de persoal como na programación, neste sentido adianta que a Xunta de Persoal Funcionario chegou ao acordo de que sería a última convocatoria que se realizaría. O Comité de Empresa, négase a tomar unha decisión drástica neste eido, aínda que se compromete a realizar unha reflexión ao respecto.

CONCURSO DE TRASLADOS DE PERSOAL DE CONSERXERÍA:

Como sabedes, desde o último concurso de traslados, producíronse xubilacións e, por desgraza, defuncións de compañeiros e compañeiras, todos/as na área de conserxería. Faise imprescindible que, para se cubrir estes postos de traballo, antes de que se produza o nomeamento de novos compañeiros froito dos procesos de oposicións, se realice o preceptivo concurso de traslados.

A Xerenta informa que xa se remitiu para a súa publicación no DOG o dito concurso.

O Comité acorda, nesta sesión, a convocatoria de asembleas de traballadores e traballadoras. Para a elaboración de calendario e orde do día reunirse o vindeiro luns día 21.

Un saúdo.